

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I0R3	<i>Expediente</i> CON/3/2019	<i>Fecha</i> 05-04-19 12:19

Número 73 .- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa á aprobación de expediente de "Servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela", gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

*Destinatario*

15078DCMG13I0R3p



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 05 de abril de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 73 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MOCIDADE, DEPORTES, MERCADOS E BENESTAR ANIMAL RELATIVA Á APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE "SERVIZO DE XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DO CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL E LOCAIS MUNICIPAIS DE MÚSICA PARA A XUVENTUDE DE COMPOSTELA", GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta de data 26 de marzo de 2019, da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal. Así mesmo do informe con observacións Intervención, número 2019/148 data 2.4.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**"Noa Morales Sánchez, concelleira delegada de mocidade, deportes, mercados e benestar animal, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,**

**EXPÓN:**

1. Con data 15 de febreiro de 2019, o xefe de mocidade emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de xestión e programación de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310R3	<i>Expediente</i> CON/3/2019	<i>Fecha</i> 05-04-19 12:19

actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

2. Con data 28 de febreiro seguinte, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o día 26 de marzo, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que *"o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación"*.

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1310R3	CON/3/2019	05-04-19 12:19

adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **83.621,69 euros/ano** IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 20.540,00 euros/ano.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **090 23104 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Año 2019: 62.982,33 euros.  
Año 2020: 101.182,24 euros.  
Año 2021: 101.182,24 euros.  
Año 2022: 38.199,91 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as**, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **83.621,69 euros/ano** IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 20.540,00 euros/ano.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **090 23104 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Año 2019: 62.982,33 euros.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I0R3	<i>Expediente</i> CON/3/2019	<i>Fecha</i> 05-04-19 12:19

Año 2020: 101.182,24 euros.

Año 2021: 101.182,24 euros.

Año 2022: 38.199,91 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: **Xan Xesús Duro Fernández**